

Comentarios recollidos no [Blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-08

1. *Cartas de amor* é un libro interesante e moi fácil de ler, non utiliza un léxico difícil. Eu dediqueille un ratíño todos os días antes de irme a durmir, e en 3 días xa o tiña lido. É un libro moi reflexivo, todas as cartas que son escritas teñen algo para facerte pensar. Todas as cartas tratan temas de importancia mundial nestes últimos anos, todas elas causaron en min un tempo de reflexión ao lelas, é impresionante o mal que o pode pasar unha persoa e que ninguén se dea conta. Recomendaríallo a todo o mundo, sobre todo as persoas que non se dan conta do que realmente pasa ao seu arredor, do difícil que é a vida doutras persoas, e que eles teñen todo o que queren sen preocuparse de nada. Todas as cartas escritas no libro son moi realistas, todas queren meter de cheo a persoa lectora nunha realidade que nunca viviu. Nunca lera un libro no que houberse tanto realismo coma este, poder ver que hai xente que o pasa francamente mal, e o agradecido que ten que estar un por nacer nun sitio onde tes a vida case arraxada. A carta que mas me impactou foi a titulada "O que nunca me preguntaches". Unha rapaza moi nova fala da difícil vida que tivo dende que foi violada con tan só nove anos, o pouco respecto do pobo no que vivía despois de ser violada. A súa escapada..., e as súas vivencias como nena da rúa e despois como ... en diferentes lugares. A rapaza reclámalle á persoa a que lle escribe a carta que a leve con el a unha Europa da que tanto falou, que ela quere escapar a outro país onde a súa vida poda ser mellor. **(Andrea)**

2. O libro *Cartas de amor* pareceume realmente interesante, principalmente porque non te imaxinas que o libro vai ser así. Con isto quero dicir que o conxunto de cartas que te atopas neste libro non van ser do xeito que representa o título. Son cartas de amor é certo, pero cun amor oculto, amores imposibles, amores diferentes, amores a distancia ... pero nelas, en todas e cada unha das cartas a idea principal non é o amor nin a típica carta romántica de "eu quérote, eu quérote máis", de xeito que non hai ningunha así, son cartas que contan historias reais que lle acontecen a moitas persoas que nos rodean. Sorprendéronme moito algunhas historias deste libro, como por exemplo a dunha nena que dende pequena era violada, e que sempre traballou como ..., esa frialdade coa que conta a súa vida que foi ..., a maneira que ten de recordar o pasado sen que lle afecte sorprende moito. Outra carta moi bonita e para min, a de máis actualidade, é a dunha amiga que lle confesa á súa outra amiga que é lesbiana pero que non se atreve a dicirillo a ninguén, como seguro que lle pasa a moitas nenas e nenos da nosa idade, pero por culpa da sociedade escóndense, e non o revelan. O libro é moi cómodo e doado de ler posto que son cartas curtas que non teñen dificultade algunha. A maioría son moi interesantes e de historias recentes que calquera neno sabe de que van. Eu lin o libro nesta Ponte, o comecei a ler o sábado pola mañá mentres a mina nai me secaba o pelo para deixarmo máis liso, e o rematei o domingo pola noite, porque as series que botaban na televisión non me gustaban moito. A linguaxe do libro non é culta, senón que é bastante coloquial, o autor non usa palabras difíciles e como as cartas son actuais, pois enténdense ben. Eu recomendaríallo a todo o mundo que estivese buscando un libro para ler en galego, que me parece moi doado e faite pensar moito nalgúns temas que os xoves de agora teñen esquecidos, como a emigración, a prostitución, as guerras... etc. En definitiva, que o libro encantoume e que volvería lelo cantas veces fixese falta. **(Margarita)**

3. *Cartas de amor* pareceume unha boa lectura, posto que é moi doado de ler, non se fai aburrido nin pesado e é interesante. Conta diversas historias que xorden por unha carta de amor, pero non dun amor corrente, e contan cousas reais. Algunhas destas historias son un pouco tráxicas como a da nena que é violada de pequena poloe de maior é ..., ese foi o relato que máis me impresionou. Outras como a da inmigrante senegalesa ou a da muller que deixou o seu noivo en Cuba e escíbelle dicíndolle que é mellor que o deixen, gustáronme bastante. Pero a que máis me gustou foi a que se titula *Zé volcan de amor*, porque en parte resultoume entretida e ademais algo graciosa. O libro trata temas de actualidade, como o das guerras, a inmigración, prostitución, amizades ... O léxico que utiliza é moi doado de comprender, é ademais algunha palabra que non coñecía puiden sacalo polo contexto, así que non tiven problema. Este libro lino o pasado domingo, porque estaba aburrida na casa e mo prestaran, e cando me quixen dar conta xa o rematara. En xeral, non me desgustou o libro, recomendaríallo ler a calquera, aínda que os temas que trata algúns son un pouco máis como destinados para ser lidos por rapazas, pero eu, pero creo que en xeral gustaríalle a todo o mundo, non é un libro deses que enganhan moitísimo, que estás esperando o final porque ten intriga nin nada diso, pero páreceme unha boa maneira de pasar o tempo. **(Andrea)**